

Xoves, 5 de maio de 2022

Núm. 86

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Recadación

APROBACIÓN, EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E COBRANZA DA LISTA COBRATORIA DA PISCINA DO MES DE MAIO DE 2022

EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DA LISTA COBRATORIA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DE CANGAS E INSTALACIÓNS ANEXAS CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DE 2022

A ALCALDÍA-PRESIDENCIA, mediante Resolución de data 29 de abril de 2022,

RESOLVEU

PRIMEIRO: Aprobar a lista cobratoria do prezo público polo servizo da piscina cuberta climatizada municipal do Concello de Cangas e instalacións anexas correspondente a mes de MAIO de 2022, autorizados ó amparo do Regulamento da Piscina Municipal e de acordo coa Ordenanza reguladora do Prezo Público da Piscina Cuberta.

SEGUNDO: Esta Resolución notificarase colectivamente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como a través de Edictos. A publicación deste anuncio produce os efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

TERCEIRO: A partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a lista cobratoria permanecerá exposta ó público durante 15 días hábiles, a efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e recursos que estimen pertinentes.

CUARTO: De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, establécese como período de cobranza o tempo comprendido entre a súa aprobación e a data en que transcorran dous meses dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O transcurso do período voluntario de ingreso sen que este se produza, determinará o inicio do procedemento executivo, co devengo e esixencia dos recargos, intereses e demais conceptos que correspondan, de acordo co disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

QUINTO: Contra a presente resolución e a lista cobratoria que aproba, cabe interpoñer recurso de reposición perante a Alcaldía do Concello de Cangas no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública, sen prexuízo de que os interesados poidan presentar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Documento asinado electronicamente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCGZ7LZ6GZO7ME8

